

Rama de coñecemento	Tecnolóxica
Prazas ofertadas	20
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	12
Presencialidade	Presencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo e Universidade de Euskadi

Descrición

Nos estudos de Máster en enxeñaría térmica preténdese:

- Subministrar a formación científico-técnica suficiente que capacite para a actividade investigadora no dominio da enxeñaría térmica (tanto para o exercicio profesional da enxeñaría como para facilitar con esta base o estudo de temas máis específicos).
- Dar una visión panorámica o máis ampla e completa posible das principais aplicacións e posibilidades da enxeñaría térmica.
- Espertar o interese do alumnado nas posibilidades que ofrece a materia, afondando na súa formación na área térmica.

Perfil de ingreso recomendado

A este mestrado accederase cando se estea en posesión dun título de grao dos ámbitos da enxeñaría mecánica, da enxeñaría enerxética e das tecnoloxías industriais. Os e as aspirantes que cumpran o requisito anterior cualificaranse de acordo co seguinte baremo:

1. Expediente académico xeral: 10 %
2. Expediente académico das materias relacionadas coa enxeñaría térmica: 20 %
3. Currículo: 30 %
4. Gozo de bolsas: 20 %
5. Coñecemento de idiomas: 10 %
6. Outros méritos: 10 %

Saídas profesionais

O Máster universitario en enxeñaría térmica ofrece numerosas saídas profesionais, debido a que as posgraduadas e posgraduados poderán traballar en calquera empresa, institución pública ou organización vinculada á enerxía. A actividade profesional podería centrarse en simulación de instalacións térmicas, de enerxías renovables, auditorías enerxéticas, desenvolvemento tecnolóxico de sistemas enerxéticos ou eficiencia enerxética na construción, entre outras.

Máis información

Coordinador	José Luis Míguez Tabarés
Páxina web do mestrado	http://eei.uvigo.es/
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/enxeneiros_industriais.html
Código RUCT	4315277
Enlace ao RUCT	
Teléfono	986 818 628
Enderezo electrónico	posgraotecn@uvigo.es